



Concello de Vigo

Secretaría do Goberno Local
Expte. 600/1102

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA: DELEGACIÓNS DO ALCALDE NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Por Resolución da Alcaldía de data 18.06.2019 (BOPPO núm 146 de data 1.09.2019) e posterior modificación de 17.08.2020 ao abeiro do disposto no artigo 124.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local delegáronse na Xunta de Goberno Local determinadas atribucións.

En data 21 de febreiro de 2023 publicouse no Boletín Oficial do Estado núm 44 a Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción que establece a obriga ás entidades que integran a Administración Local a dispoñer dun “Sistema interno de información” nos termos previstos na lei (artigo 13) e que na súa disposición transitoria primeira recolle a posibilidade de adaptación dos sistemas e canles internas de información existentes existentes. A devandita norma sinala a competencia do órgano de goberno de cada entidade sen outra precisión no seu artigo 5.1.

De conformidade co disposto no artigo 126 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a Xunta de Goberno Local configúrase como o órgano municipal que, baixo a presidencia do Alcalde, colabora de xeito colexiado na función de dirección política que a este lle corresponde, exerce as funcións executivas e administrativas que se sinalan no artigo 127 da citada Lei e calquera outras que lle sexan delegadas.

E por isto que esta Alcaldía ao abeiro do artigo 124.ñ) e 124.5 da Lei 7/85, do de abril, e artigos 43, 52 e 53 e demais concordantes do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais , RESOLVE

Primeiro.- Modificar a Resolución de delegación do Alcalde na xunta de Goberno Local de data 18.06.2019 e 17.08.2020 respecto do punto primeiro engadido un apartado décimo nos seguintes termos

“Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, sen prexuízo da súa colaboración colexiada coa Alcaldía na dirección política que me corresponde, exercerá as funcións executivas e administrativas sinaladas no artigo 127 da Lei 7/1985 e ademais, pola miña delegación, as seguintes atribucións:

(...)

10. A competencia para a adopción do acordos municipais que se precisen para dar cumprimento ás obrigas respecto do “Sistema interno de información” establecidas na Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción”

Segundo.- Comunicar, para o seu coñecemento e efectos, a presente resolución a todos os concelleiros e concelleiras afectados e ás xefaturas das diferentes áreas e servizos municipais a través da súa inserción na Intranet municipal.

Terceiro.- Deixar sen efecto cantas resolucións da Alcaldía de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local se opoñan á presente resolución.

Cuarto.- A presente resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme ó establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986, e será obxecto de publicidade activa na sede electrónica municipal conforme ao disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Quinto.- Da presente resolución darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/19856, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

SGF

Data e sinatura dixital.

O ALCALDE-ABEL R CABALLERO ÁLVAREZ

Dou fe, A SECRETARIA DE ADMINISTRACION MUNICIPAL (Resolución de data 1.09.2021)